



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPTE. CONTRATACIÓN NÚM. 3008/2024, DA OBRA “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”

Logo de ver o proxecto da obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE” redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, I.V.E. do 21% 16.535,58 euros, totalizando un orzamento base de execución por contrata de 95.276,43 euros, e cun prazo de execución de catro meses, aprobado pola resolución da alcaldía núm.2024- 0863 de data 22-08-2024, a cal acordou iniciar o expediente de contratación a tramitar polo procedemento aberto simplificado abreviado, previsto no artigo 159.6 LCSP.

Logo de ver o informe da intervención municipal de data 29-08-2024 e de conformidade co mesmo, esta alcaldía considera a este expediente de tramitación anticipada, dado que o crédito necesario na aplicación orzamentaria 2024. 160.63300. dotarase co crédito extraordinario que figura no expte. 01/2024, aprobado inicialmente polo Pleno na sesión 01-08-2024, actualmente en exposición pública, e a adxudicación do contrato someterase á condición suspensiva de existencia de crédito, prevista na Disposición Adicional terceira, punto 2, da Lei 9/2017, LCSP.

Logo de ver o contido do expediente, cos seus antecedentes, informes emitidos, considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de execución das obras, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares, os pregos de prescricións técnicas, o informe do TAX como xefe da dependencia de recadación e os preceptivos informes favorables de secretaría de data 30-08-2024 e de intervención de data 04-09-2024 , previos á aprobación, que figuran no expediente.

Logo de ver a Disposición adicional segunda da LCSP, a cal establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia será do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 78.740,85 euros, sendo inferior ao 10% dos recursos ordinarios do vixente Orzamento Municipal de 2024, que ascenden á contía de 859.562,86 €, polo que o órgano competente para a aprobación do expediente e para a súa adxudicación será o Alcalde.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, I.V.E. do 21% 16.535,58 euros, totalizando un orzamento base de execución por contrata de 95.276,43 euros, e cun prazo de execución de catro meses.

Segundo.- Considerar o expediente de contratación para adxudicar a obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”, expediente núm. 3008/2024, de tramitación anticipada, dado que o crédito necesario na aplicación orzamentaria 2024. 160.63300. dotarase co crédito extraordinario que figura no expte. 01/2024, aprobado inicialmente polo Pleno na sesión 01-08-2024, actualmente en exposición pública, e someter a adxudicación do á condición suspensiva de existencia de crédito, prevista na Disposición Adicional terceira, punto 2, da Lei 9/2017, LCSP.

Terceiro.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do presente contrato de obras, previsto no art. 159.6 da LCSP.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato polo procedemento aberto simplificado abreviado, sen división en lotes, con multiplicidade de criterios de adxudicación mediante fórmulas e automáticos, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio, pregos, cadro resumo e composición da mesa de contratación no perfil do contratante deste Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 10 días hábiles se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dar traslado aos distintos servizos administrativos da Corporación.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

José Carlos Vidal Suárez

O secretario

(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2 do RD. 128/2018)

Adrián J. Márquez Caramés





**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

